

Colaboración no comedor escolar 2023.24

Procede a abrirse o prazo para anotarse nas listaxes de colaboración de comedor escolar nas tarefas de atención e vixianza, no curso 2023.24.

A colaboración será **exercida por nais, pais, titores/as legais ou acolledores familiares de alumnos/as que estean cursando no curso 2023.24 estudos en dito centro**. Ábrese tamén o prazo para as persoas que reúnan a condición de seren familiares dos alumnos/as comensais, ex- colaboradores deste servizo, persoal relacionado como comunidade educativa (conserxes, persoal limpeza), así como persoal que participe en programas de voluntariado social (Concellos, ONGs), que desexen, ao longo do curso 2023-2024, colaborar de xeito altruísta nas tarefas de atención e apoio aos escolares usuarios do comedor escolar, poderán apuntarse nas listas de admisión, que, habilitadas para este fin, se atopan na Dirección. Pero tendo presente que estes último non terán preferencia ante os primeiros á hora de exercer esta colaboración na confección de listaxes de setembro.

Nesta colaboración as función que se deben realizar están referidas a:

- Servir a comida ao alumnado e recoller, axudar á hora de comer.
- Vixianza do alumnado nos tempos nos que non este no comedor.
- Preparar ao alumnado para a subida no transporte escolar. A colaboración altruísta **é pagada** por parte da Consellería De Cultura, Educación, FP e Universidades, sendo a compensación económica de **12,50 € por día de servizo prestado**. Dita compensación económica é pagada trimestralmente.

As persoas colaboradores teñen dereito a comer no comedor cando non estean realizando as tarefas de atención ao alumnado, as cales abarcan dende as **13:30** (para preparación do xantar: servir auga, colocación utensilios, reparto de comida..) ate as **15:20** (hora de finalización do servizo). Comerase ao rematar o servizo.

Sempre habrá un/unha **mestre/a encargado/a do control e vixianza**.

Segundo a instrución 2/2023 no apartado 2.3 -Colaboradores: **As persoas colaboradoras non poderán desempeñar as funcións de colaboración no comedor durante dous cursos académicos consecutivos, co que non poderán asumir tales cometidos as persoas que as realizasen durante un mínimo de 36 días no curso 2022.23.**

Dado que, en **varias ocasións dásenos esta situación, dende o C. Escolar do 24 de abril de 2023, estableceuse o seguinte procedemento** para a selección de persoas colaboradoras:

1. Teñen que ser consideradas persoas idóneas polo c. Escolar segundo as instrucións anuais.
2. Persoas que non traballasen 36 días o curso anterior.
3. No caso de haber varias persoas aspirantes que non traballasen 36 días terán preferencia os proxenitores/as ou titores legais, no caso de que se permita que colaboren persoas convivintes.
4. No caso de ter que elixir a persoas que traballasen máis de 36 días o curso anterior:
 1. Persoas que poidan vir traballar todos os días, para que o alumnado non note o cambio de rutinas.

CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

-
2. Persoas que veñan colaborando esporadicamente para axudar a manter a rateo de colaboradores
3. Menores anos consecutivos traballando. Desempate en base á letra que saia por sorteo anualmente no procedemento de admisión para alumnado.